



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### ARBO

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIONES E LOCAIS SOCIO CULTURAIS*

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial do Regulamento de utilización das instalacións e locais socio culturais do Concello de Arbo adoptado en sesión celebrada o día 04.07.16, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

#### **REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIONES E LOCAIS SOCIO CULTURAIS DO CONCELLO DE ARBO**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Concello de Arbo dispón de distintos locais municipais que pon a disposición do movemento asociativo, mediante o sistema de cesión en precario, co fin de recoñecer o seu labor no desenvolvemento artístico, social e cultural do municipio, facilitando así a disposición de locais e recursos adecuados para o desenvolvemento social e cultural do municipio.

Debido a demanda existente de espazos para poder desenvolver os diferentes proxectos e actividades das diversas asociacións, viuse a necesidade de regular a cesión de uso e utilización dos espazos municipais polos diferentes colectivos existentes no Concello de Arbo.

#### **Artigo 1 – Obxecto**

Este regulamento ten como obxecto establecer os criterios e regular os procedementos para a cesión de uso puntual, temporal, individualizado, individualizado mixto ou compartido dos locais municipais, así como normas xerais para a súa óptima utilización, cos seguintes obxectivos:

- a) Utilizar racional e ordenadamente as instalacións socio culturais municipais, garantido o seu uso a todas as asociacións en condicións de igualdade.





- b) Aproveitar de xeito integral os recursos dispoñibles, tanto materiais como humanos.
- c) Fomentar a cultura e as relacións sociais entre a veciñanza.
- d) Coordinar os esforzos e as actividades culturais e sociais que se poidan realizar no Concello, sexan esta promovidas pola institución municipal ou polas entidades culturais, sociais ou veciñais.

## **Artigo 2–Ámbito de aplicación**

2.1.- As instalacións socio culturais municipais son bens de dominio público que se destinarán ao servizo da cidadanía.

2.2.-Os locais socio culturais municipais destinaranse á practica das actividades culturais, sociais e veciñais que se axusten ás características das súas instalacións, previa autorización da alcaldía ou concellaría en quen delegue.

Esta normativa será de aplicación a todos aqueles locais de titularidade municipal susceptibles de cesión e/ou utilización por asociacións do Concello que non estean destinados a un uso ou servizo determinado.

Quedan excluídos deste regulamento os locais que se atopan baixo a regulación de normativa específica, a cesión e utilización de locais regulados por contrato específico ou cedidos a outras administración públicas.

2.3.-As instalacións afectadas por este regulamento son os seguintes locais socio culturais:

- Centro multiusos de Arbo.
- Centro de Interpretación Rede Natura 2000 en A Lomba.
- Aula Informática de Cabeiras.
- Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea.
- Anexo a Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea.
- Escolas de Sela.

## **Artigo 3- Entidades Beneficiarias**

3.1.- Serán beneficiarios da autorización temporal de uso de locais as asociacións legalmente constituídas ao abeiro da Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación ou a súa normativa específica, para a realización de actividades propias do seu obxecto social.

Será condicións indispensable que a asociación interesada estea inscrita no Rexistro de Asociacións do Concello de Arbo e non teñan ánimo de lucro.





3.2.-Considérase que unha asociación non ten ánimo de lucro cando así figure nos seus estatutos e non desenvolva ningunha actividade económica, ou de desenvolvela, o froito desta actividade se destine única e exclusivamente ao cumprimento das finalidades de interese xeral establecidas nos seus estatutos, sen reparto de beneficios directos ou indirectos entre os seus asociados ou terceiros.

3.3. Excepcionalmente, poderá autorizarse o uso destas instalacións a entidades privadas para realizar actividades de interese xeral e sen ánimo de lucro acordes co uso ou destino de ditas instalacións. En concreto, poderase autorizar a realización de cursos e xornadas gratuítos que sexan organizados ou impartidos previa autorización ou convenio de colaboración asinado con organismos oficiais.

#### **Artigo 4.- Formas e tipoloxía de autorizacións e prazos**

4.1.- A autorización de uso de locais municipais descritos no artº 2.3 desta norma, aplicarase segundo o establecido neste regulamento, tendo en conta as particularidades da cesión de uso establecidas en cada convenio.

4.2.- O uso das instalación durante un ou máis períodos temporais non comporta ningún dereito adquirido para os cesionarios.

4.3.- Os tipos de autorización de uso son os seguintes:

- Puntual: para unha ou varias actuacións concretas.
- Temporal: Por un período de tempo autorizado.
- O uso temporal poderá ser á súa vez:
  - Para uso dunha soa entidade.
  - Mixto, individualizado para uso dunha soa entidade pero con obriga de admitir outros usos puntuais ou complementarios.
  - Compartido por diversas entidades, cando dúas ou máis asociacións opten polo uso compartido do local, deberán presentar un proxecto conxunto, en caso contrario, será o Concello quen defina o uso compartido do local, de forma equitativa.

4.4. .- En actividades extra escolares promovidas polas ANPAS ou polo Colexio, se conceden as autorizacións para o período de duración do curso escolar.

4.5.-Unha vez obtida a autorización, o non uso reiterado do módulo concedido e reservado dará lugar, unha vez oídos os afectados, á anulación da autorización.

4.6.-As actividades organizadas polo Concello de Arbo, terán prioridade absoluta de ocupación dos locais socio culturais municipais.





## Artigo 5 .- Solicitudes

As solicitudes de autorización axustaranse ao modelo establecido no anexo I, deberán ser formuladas pola persoa representante da Asociación e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Arbo, cunha antelación mínima de 15 días naturais antes da realización do evento ou actividade, co seguinte contido:

- Descrición detallada das actividades a realizar, identificando o responsable da mesma, necesidades ou motivos polos que se solicita o uso do local e finalidade da actividade.
- Características e número de persoas destinatarias.
- Horarios e días de uso do local.
- Duración predeterminada da autorización (puntual ou temporal).
- Seguro de responsabilidade civil da Asociación cando o uso sexa para unha actividade organizada pola mesma.

## Artigo 6 .- Tramitación e autorización de uso

6.1.- Se se estimase que a solicitude non reúne os requisitos previstos neste regulamento, requirirase a asociación para que nun prazo de dez días hábiles emende as deficiencias; se non fora así, darase por desistida da súa petición.

6.2 .-As autorizacións de uso aprobaranse por resolución da alcaldía, incluíndo a identificación do local, situación, finalidade concreta, prazo de vixencia de uso, necesidade da cesión, posibilidade de compartir locais con outras asociacións e réxime e condicionamentos de uso.

## Artigo 7.- Competencias

7.1 Compételle ao Pleno da Corporación a aprobación, modificación e revogación deste regulamento.

7.2 Compételle a Alcaldía ou Concellería delegada:

- a) Dirixir e organizar os servizos dos locais socio culturais municipais.
- b) Coordinar a utilización dos locais socio culturais e os programas de actividades que neles se desenvolvan.
- c) Ditar as normas de utilización específicas de cada unha das instalacións socio culturais municipais consonte cos principios que se recollen no presente regulamento.





- d) Impor as sancións que legal e regulamentariamente correspondan ás infraccións que poidan cometer os usuarios/as.
- e) O establecemento de directrices de uso e do horario de utilización dos locais socio culturais.
- f) O establecemento dos prazos para a realización das solicitudes de uso dos locais.
- g) As resolución das incidencias ordinarias que xurdan na xestión dos locais.
- h) A supervisión e control do bo uso e funcionamento dos locais socio culturais municipais.

### **Artigo 8.- Réxime de usos**

8.1.-O réxime de uso, tanto exclusivo, como mixto ou compartido, implica o recoñecemento de determinadas obrigas e dereitos ás entidades beneficiarias.

Poderase asinar un convenio de autorización de uso que poderá regular máis amplamente as obrigas e dereitos que lle corresponderán a cada asociación en particular.

8.2 Os espazos cedidos para uso exclusivo poderán ser utilizados pola entidade beneficiaria para aquelas funcións ou actividades que lle sexan propias, atendendo aos seus obxectivos estatuarios. Calquera outra uso ou actividade deberá ser obxecto de autorización polo Concello de Arbo.

8.3 Cando dúas ou máis asociacións opten polo uso compartido do local, deberán presentar un proxecto conxunto e corresponderalle ao concello establecer cales son os espazos de uso común, a finalidade e os horarios de uso que se pode facer dos locais.

8.4 O horario habitual do uso dos locais municipais será de 9:00 horas a 23:00 horas, excepto casos puntuais e con previa autorización do Concello.

8.5.- En caso de que a actividade a realicen menores de idade, sempre haberá un adulto responsable; e requirirase a previa autorización asinada dos pais/nais ou dos titores legais.

8.6.-No caso de certas actividades que necesitan dun seguro específico, deberase indicar expresamente, achegándoo á documentación entregada desde o colectivo ou entidade.

### **Artigo 9.- Prohibicións**

9.1.-Quedan prohibidas as seguintes actividades

- a) No interior do local cedido e dentro do respecto á autonomía da asociación, non se poderán realizar actividades que contraveñan os principios de igualdade das persoas, polo que se prohibe a realización de calquera acto de carácter violento ou que afecte á dignidade persoal e discrimine a individuos aou grupos, por razón





de raza, sexo, relixión, opinión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

- b) Os que impliquen crueldade ou maltrato para animais.
- c) Os que realicen con fins lucrativos ou beneficio individual.
- d) Calquera actividade que non se contemple na autorización de uso, especialmente aquelas consideradas como molestas, insás, nocivas ou perigosas, incluída a prohibición legal de fumar.

9.2.- Queda prohibida a colocación de publicidade comercial nas instalacións socio culturais municipais, calquera que sexa o soporte en que se desexe materializarse a mensaxe, quedando suxeita a previa autorización da Alcaldía, e podéndose colocar publicidade puntual durante a actividade.

9.3 .- Queda prohibida a colocación de adornos, carteis, cadros, etc... nas paredes dos locais socio culturais.

9.4.- Queda prohibido comer, beber e fumar nos locais socio culturais. Elo, sen prexuízo do uso que neste senso poida realizarse polo Concello con motivo da celebración de determinados actos ou eventos oficiais, ou dos refrixerios ou bebidas non alcohólicas que poidan precisarse durante os ensaios ou actividades que neles se realicen ou organicen coa autorización do Concello.

9.5.- Queda prohibido realizar calquera actividade que supoña un risco para as instalacións municipais, de acordo coa normativa de prevención de riscos.

## **Artigo 10. –Mantemento**

10.1.- Despois de cada uso, os locais deberán quedar recollidos, limpos e ordenados, sendo responsable a asociación que o utiliza.

10.2.- As asociacións teñen a obriga de coidar os locais cedidos, manter limpos os aseos, facer un uso responsable dos equipamentos existentes e das subministracións necesarias para a súa actividade (electricidade, combustible, auga, etc...) debendo apagar as luces e pechar as portas de acceso ao remate da sesión.

10.3 .- As actividades realizaranse coas portas de entradas pechadas.

## **Artigo 11 .- Obras**

11.1.- Calquera tipo de obras que sobre os locais se pretenda realizar, deberá ser obxecto da autorización previa polo Concello.





11.2.- As obras realizadas pasarán a ser propiedade do Concello.

11.3.- En caso de obras realizadas sen previa autorización municipal, o Concello poderá proceder á rescisión da autorización, así como executar as obras de restitución ao seu estado anterior a costa da asociación.

## **Artigo 12.-Responsabilidade Civil**

As asociacións serán responsables dos danos ocasionados á terceiros, tanto das persoas asociadas como dos usuarios do local ocasionados por acción ou omisión, dolo ou negligencia, tendo a condición de terceiro o propio Concello.

As asociacións deberán responsabilizarse do adecuado uso das instalacións municipais, mobiliario e enseres, debendo responder dos posibles danos que se causen ás mesmas durante o horario de uso e durante as referidas actividades.

O Concello non será responsable de ningún accidente ou dano que puidera afectar a terceiros, ou os bens e materiais de terceiros, no desenvolvemento das actividades realizadas polas asociacións.

## **Artigo 13.- Dereitos das asociacións**

Unha vez tramitado o expediente e obtida a correspondente autorización, a Asociación terá dereito ao uso do local solicitado para a actividade solicitada, durante os días e as horas concedidas, cumprindo sempre co establecido na lei, no presente regulamento e no convenio de uso que se poda asinar coa correspondente asociación.

## **Artigo 14.- Dereitos do Concello**

14.1.- O Concello, como propietario do local, poderá exercer en calquera momento a potestade de inspección. Se do seu exercicio se derivara a comprobación de incumprimentos graves ou moi graves poderá esixir o cumprimento ou incluso revogar a cesión e uso.

14.2.- As actividades organizadas polo Concello de Arbo prevalecen sobre calquera outro evento.

14.3.-O Concello de Arbo, non se fai responsable dos obxectos subtraídos, extraviados, cambiados ou estragados dentro das instalacións socio culturais municipais

14.4.- Os obxectos recollidos nos vestiarios ou en calquera outra das instalacións serán custodiados polos empregados municipais durante un prazo máximo de 15 días. Se nese prazo non son reclamados polo seu propietario ou propietaria, serán postos a disposición da autoridade municipal, e de ser o caso, entregados á Garda Civil.





14.5.- O Concello, por causas de interese público ou xeral, poderá autorizar excepcionalmente a unha asociación ou entidade a utilización dun local xa asignado nese día e hora a outra a outras asociacións, debendo comunicalo coa antelación mínima suficiente.

### **Artigo 15.- Deberes e obrigas das Asociacións**

As entidades ou asociacións están obrigadas ao cumprimento das seguintes normas, con independencia das que particularmente se fixen en cada convenio:

15.1.- Manter actualizados os datos no Rexistro Municipal de Asociacións.

15.2 .- Respetar o destino e finalidade da cesión.

15.3.- Utilizar o local soamente para o uso que se concedeu e autorizou.

15.4.- Respetar os espazos e locais asignados, así como o uso dos locais en común.

15.5.-Conservar os locais asignados e os de uso común en óptimas condicións de seguridade, salubridade e hixiene.

15.6.- Non causar molestias á veciñanza.

15.7.-Custodiar de forma responsable as chaves do local, e se e o caso, do centro no que este se sitúe.

15.8.- Se o local se sitúa en inmobles abertos ao público, non impedir nin obstaculizar a entrada nin saída dos usuarios do Centro.

15.9.-Comunicarlle ao concello calquera anomalía, problema ou incidencia xurdida do uso dos locais.

15.10.- Reverter o local ao Concello, xunto con todos os bens mobles afectos a este, no momento da extinción do convenio ou autorización de uso.

15.11.- Permitirlle en calquera momento ao Concello o exercicio da acción inspectora.

15.12.-Non realizar obras nin actividades distintas do seu obxecto social sen previa autorización municipal.

15.13.-Facilitar a utilización do local para actividades puntuais autorizadas excepcionalmente polo Concello.

15.14.- Nos locais de uso compartido respectar rigorosamente o uso e xestión acordados.







15.15.-Non realizar no local ningún tipo de publicidade mercantil de terceiros.

15.16.-Non ceder a terceiros nin total nin parcialmente o uso do local asignado, sexan ou non membros da entidade, salvo autorización municipal expresa.

15.17.-Se se realiza algunha publicidade sobre as actividades nos locais municipais, sempre constará nela a colaboración do Concello de Arbo.

15.18.- Deberán absterse de realizar calquera actividade que supoña un risco para as instalacións municipais, de acordo coa normativa de prevención de riscos.

15.19.- Deberán someterse en todo momento ás instrucións do persoal e autoridades municipais que poderán adoptar as decisións oportunas para garantir o adecuado uso da instalación.

15.20.- Si se precisasen elementos materiais dos que non dispoña a sala, deberán achegalos eles, sendo os gastos a súa custa.

15.21.- Deberán responsabilizarse do adecuado uso das instalacións municipais, mobiliario e enseres, debendo responder dos posibles danos que se causen ás mesmas durante o horario de uso e durante as referidas actividades.

15.22.- Coidarán do material existente nas instalacións respondendo dos danos causados ao mesmo.

15.23.- Cando se faga uso de material específico, unha vez rematada a actividade este debera quedar arrombado. É obrigatorio que a instalación quede nas debidas condicións para ser usada no seguinte módulo.

15.24.-Para garantir o correcto aproveitamento das instalacións, deberase abandonar a local con puntualidade para permitir que os seguintes usuarios/as aproveiten o máximo o seu tempo.

15.25.- Por razón de salubridade pública usaranse as papeleiras e os colectores para depositar o lixo.

15.26.- Non se poderá acceder as instalacións socio culturais con animais.

15.27.-Todos os usuarios están obrigados a velar polo bo estado de conservación das instalacións e servizos, e, polo tanto, impedirán ou denunciarán todos os actos que deteriores as instalacións ou os servizos e advertirá os empregados ou responsables municipais cando observe anomalías nas instalacións ou no material destas.

15.28.- Evitarase a entrada no local socio cultural fóra das horas concedidas.





## 16.- Causas de Extinción de uso

A autorización de uso ás asociacións é en precario, podendo extinguila o Concello, por causa xustificada de interese social ou utilidade pública en calquera momento, previo o correspondente aviso previo por un prazo non inferior ao mes. Non será preciso o cumprimento deste aviso previo en caso de necesidade urxente de ocupación polo Concello debidamente acreditada.

Con independencia ao establecido no parágrafo anterior, son causa de extinción da cesión de uso as seguintes:

- a) Finalización do termo e, se é o caso, das renovacións.
- b) Mutuo acordo entre as partes
- c) Renuncia da entidade
- d) Pola non utilización do local por un período continuado de máis de tres meses.
- e) Por disolución da asociación
- f) Por incumprimento de calquera das obrigas ante o Concello
- g) Por necesidade motivada do Concello de uso dos locais.

Unha vez resolto e notificado o acordo de extinción da cesión, a asociación deberá poñer o local e os bens afectados a este a disposición do Concello no prazo máximo de 15 días naturais.

## Artigo 17.- Infraccións

17.1.-Son sancionables, nos termos que se especifican neste regulamento, as accións ou omisións tipificadas como infraccións leves, graves ou moi graves que se describen a continuación:

- a) Son infraccións leves:
  - O incumprimento das disposicións que se regulan no presente regulamento que non teñan a cualificación de infraccións graves ou moi graves.
  - Comer, beber ou fumar nos locais, sen prexuízos das excepcións previstas no artigo 9.4 deste regulamento.
- b) Son Infraccións graves:
  - O uso do local obxecto de cesión ou autorización de uso para fins distintos dos que motivaron o correspondente acordo ou resolución, sempre que non se dispoña de autorización municipal expresa.
  - A produción de danos nos locais.





- A realización de obras, traballos ou outras actuacións de uso para fins distintos dos que motivaron o correspondente acordo ou resolución, sempre que non se dispoña de autorización municipal expresa.
- A ocupación do local unha vez declarada a extinción da cesión de uso.
- Incurrir en tres infraccións leves

c) Son infraccións moi graves:

- A produción de danos nos locais que o inutilicen para o uso público ou dean lugar a prexuízos graves no servizo público que se preste no edificio no que se insiran.
- A tramitación ou cesión no uso prolongado dos locais a terceiros sen expresa autorización municipal.
- O uso do local municipal sen a correspondente autorización.
- A realización de actividades ilícitas ou ilegais.
- Incurrir en tres infraccións graves.

### Artigo 18.- Sancións

As sancións a impoñer en caso de comisión das infraccións descritas no artigo anterior, serán:

- a) Infraccións moi graves: revogación da autorización prohibición de acceder ao uso dos locais obxecto deste regulamento por prazo de tres anos e/ou multa de 1.501 a 3.000 €.
- b) Infraccións graves: revogación e prohibición de acceder ao uso dos locais obxecto deste regulamento por prazo dun ano, e/ou multa de 251 a 1.500 €.
- c) Infraccións leves: apercibimento e/ou multa de ata 250 €.

As sancións que se poidan impoñer serán independentes das indemnizacións de danos e prexuízos que procedan.

### DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

Darase preferencia para o outorgamento de autorizacións á continuidade das asociacións que xa estean ocupando, de feito, os locais.

Os Convenios de uso actualmente en vigor deberán adaptarse ás disposicións deste Regulamento.

A interpretación das normas deste regulamento será levada a cabo polo órgano competente do Concello de Arbo, órgano que poderá ditar as instrucións necesarias para a súa aplicación.





## DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Quedan derogadas cantas normas municipais do Concello de Arbo se opoñan total ou parcialmente ao contido do presente Regulamento.

## DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR

Este regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado o texto íntegro e o acordo no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.”

Contra o presente acordo poderá interpoñerse polos interesados recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de dous meses contados a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Arbo, a 01.09.16.—O Alcalde, Horacio Gil Expósito.





## SOLICITUDE DE LOCAIS SOCIO CULTURAI

DATOS DO SOLICITANTE:			
NOME E APELIDOS:			DNI / CIF:
ENDEREZO:		C.P.	CONCELLO
EN CALIDADE DE, SECRETARIO	PRESIDENTE	REPRESENTANTE	DA ASOCIACIÓN:
TELÉFONO:	TELÉFONO:	ENDEREZO ELECTRÓNICO:	

SOLICITA: O uso para o seguinte local ou instalación socio cultural do Concello:

- Centro multiusos de Arbo.
- Centro de Interpretación Rede Natura 2000 en A Lomba.
- Aula Informática de Cabeiras.
- Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea.
- Anexo a Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea.
- Escolas de Sela.

Tipo de uso que se solicita:

- Puntual
- Temporal individual
- Temporal Mixto
- Temporal Compartido

O uso solicítase para o seguinte período de tempo:

DÍA / DÍAS:							HORARIO:
LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO	
ACTIVIDADE A REALIZAR:							

E pola presente **COMPROMÉTESE:**

A facer un bo uso das instalación destinándoas unicamente a actividade previamente solicitada.

A coidar o material existente na instalación.

A deixar no estado que os atopa o subministro de luz, auga, e limpeza de vestiarios.

Entregase a chave co número: \_\_\_\_\_

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:
<input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI.
<input type="checkbox"/> Outros: _____

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE:	Vº. Pª	CONFORME
Lugar e data:		
ARBO a    de    de	O ALCALDE	O RESPONSABLE

SR. ALCALDE EXCMO. CONCELLO DE ARBO

